



# ABRIL

Luz Darriba

ISBN: 978-84-121433-1-7  
EDICIÓN: 2020

DIMENSIONES:  
14 cm x 21 cm

ENCUADERNACIÓN:  
Rústica cosida con lapelas

Nº PÁXINAS: 288

IDIOMA: Galego

P.V.P: 18,00 €

**N**a vila de Muxía, na máxica Costa da Morte, entrecrúzanse historias de ida e volta atravesadas por décadas de falso ou meditado silencio. Andrea Neumann quere fuxir de canto a feriu nun pasado innomeábel na Arxentina. Luísa está alí, tentando ceibarse da súa caixa de cristal, para lembrarlle que o máis sinxelo é fuxir, porén, o máis doloroso é regresar.

O berro dunha xeración, acalado pola forza bestial dun xenocidio, renace na voz reprimida da seguinte. Non importa canto tempo transcorrese, a verdade máis fonda, coma a auga, atopa sempre o seu curso. E o amor agarda por ela para recollela e aniñala.

Nesta novela, Luz Darriba tece, entre Galicia e o Río da Prata, os fíos dunha manta que nos abeire e nos salve da barbarie. Que salve a Andrea e a Luísa das arremetidas dun escuro mar de dúbidas e mentiras. Dun pasado que esixe reparación e esperanza.

## LUZ DARRIBA

Montevideo, 1954

Trasládouse en 1970 coa súa familia a Bos Aires, e vive dende 1990 en Galicia. Filla da diáspora galego-asturiana no Río da Prata, estudou Belas Artes e Filosofía e Letras na Universidade de Bos Aires. Como artista, realizou centos de exposicións, macrointervencións en espazos públicos (como a da Muralla de Lugo, con 659.000 libros) e recibiu numerosas distincións internacionais.

Formou parte do staff permanente de Foeminas, a primeira revista virtual feminista do país (2005-2008). En 2010 retomou a súa vella vocación literaria, e publicou *Toda a xente errante*, a súa primeira novela (2012), *Xoguetes para nenos cegos* (2015) e *O que o vento non se levou, relatos para despertar a memoria* (2016). Recibiu nesta etapa varios recoñecementos, entre eles o Premio Ánxel Fole (2012).

Os seus relatos forman parte de moitas antoloxías en España e Latinoamérica (como *Bovarismos*, antoloxía de relatos escritos por mulleres). Escribe unha columna semanal en *Nósd diario* e colabora con distintas publicacións internacionais.

